

# LIVING LAB DE OURENSE

A participación no Living Lab está aberta a iniciativas de carácter innovador xa sexa en produto/servizo, en procesos e/ou no modelo de negocio tanto no sector sanitario e biomédico como naqueles que sexan transversais ao sector saúde: alimentación, TIC, novos materiais e construción, electrónica e robótica.

No marco do desenvolvemento dos proxectos seleccionados, poñeranse á disposición das entidades as instalacións do Living Lab de Ourense.

O Living Lab de Ourense dispón dunha contorna de hospitalización experimental situado no [Complexo Hospitalario Universitario de Ourense \(CHUO\)](#), con escenarios clínicos de gran desenvolvemento tecnolóxico que permitirán desenvolver neles contornas Living Lab nas que testar dunha forma sistemática a experiencia do usuario. O hospital conta tamén cun espazo para "co-crear" a través da interacción e intercambio de coñecemento.

**1. Contorna de hospitalización experimental no hospital de Ourense.** Os espazos en que testar as solucións innovadoras constan de:

- **Zonas de planta de hospitalización experimental:** na planta sétima existen 15 cuartos (21 pacientes) para a integración de terapias alternativas na asistencia clínica. O resto están en plantas convencionais e serán os grupos de control.
- **Salas de terapias:** as salas de terapias son espazos especificamente deseñados para o desenvolvemento de diferentes modos de asistencia sanitaria. Inclúe unha sala de posturografía, que dispón dunha plataforma móbil e contorna visual referenciada ao movemento para medir o control postural estático e dinámico do paciente, e unha sala de estimulación multisensorial, cun amplo abano de técnicas dirixidas a proporcionar todo un conxunto de sensacións e estímulos específicos a pacientes.
- **Cuberta terapéutica:** na cuberta, situada na oitava planta, deseñáronse diferentes espazos vinculados directamente coa hospitalización experimental, que buscarán a integración de terapias alternativas en conxunción con novos modelos de atención sanitaria expostos. Na cuberta inclúense hortos terapéuticos, pensados fundamentalmente para pacientes con patoloxías cardíacas, neurolóxicas e psiquiátricas, zonas de recreo e espaxamento, e un parque biosaudable destinado ao desenvolvemento de terapias de rehabilitación.

**2. O espazo de co-creación no hospital de Ourense.** No marco do Living Lab de Ourense habilitouse un espazo físico para acoller e impulsar iniciativas e proxectos innovadores en saúde. Este espazo está situado na planta baixa do novo edificio de hospitalización e permitirá co-crear proxectos innovadores a través de interacción e intercambio de coñecemento e experiencias entre empresas, profesionais e usuarios.

O Hospital de Ourense acolle a visita dunha delegación formada polo Consello Social da Universidade de Málaga, o Parque Tecnolóxico e o Hospital de Málaga para coñecer o living lab da rede LABSAÚDE



## LABSAÚDE NOS MEDIOS

Fronteiras da Innovación Sanitaria - Ponencia D. Félix Rubial, Xerente Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras

Club de Innovación

O CHUO albergará o primeiro Living Lab de Galicia: de implantes 3D a asistentes virtuais

## NOVAS RELACIONADAS

Reábrese o prazo de inscrición para presentar proxectos innovadores en saúde para o Living Lab de Ourense

Amplíase o prazo de inscrición para presentar proxectos innovadores en saúde no Living Lab de Ourense

O Living Lab de saúde de Ourense acollerá os primeiros 6 proxectos innovadores da rede LABSAÚDE

## ENVÍA A TÚA

|                                                                                                                                                                                                                                                      |   |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---|
| Persoal do Hospital Universitario de Ourense e da ACIS participan na visita ao Centro de Investigación, Diagnóstico, Formación e Acompañamento das Demências (CIDIFAD) no marco do irmandamento europeo entre Galicia e a rexión portuguesa do Porto | > |
| O Hospital Universitario de Ourense acolle a xornada de irmandamento entre Galicia e a rexión portuguesa de Porto para coñecer o living lab da rede LABSAÚDE                                                                                         | > |
| ACIS presenta o Living Lab de saúde de Ourense no evento 'Europe, let's cooperate!' organizado por Interreg Europe                                                                                                                                   | > |

|                                                     |
|-----------------------------------------------------|
| SOLICITUDE                                          |
| Como participar no Living Lab de Ourense? (PECHADO) |
| Contacte                                            |